



XUNTA DE GALICIA

AXENCIA GALEGA DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: PROXECTO DE FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE, SENDA NA LU-621, TREITO A POBRA DE SAN XIAO - URBANIZACIÓN DE VALDRIZ

Termo municipal: LÁNCARA

Clave: LU/16/251.06

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 15 de decembro de 2022

Lugo, 4 de novembro de 2022.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

Expediente: X1793

Término municipal de:	LANCARA
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	
Clave:	LU-16-251-06

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
4-0	CONSTRUCCIONES CLELIA S.L.	RÚA CARPINTEROS, NAVE 4, 9 - PL. O CEAO 27290 LUGO

Lugo, 4 de novembro de 2022.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

R. 3201

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE DE LUGO. SERVIZO DE APOIO AO EMPREGO, EMPRENDEMENTO E ECONOMÍA SOCIAL

Anuncio

CONVENIOS COLECTIVOS

Visto o texto do convenio colectivo da empresa PREZERO, S.A. para o seu persoal adscrito ós servizos de limpeza de espazos públicos, recollida e transporte de residuos sólidos urbanos do concello de Sarria (Código 27100182012017), asinado o día 21 de outubro de 2022, pola representación da empresa e polo representante das persoas traballadoras, como membros da comisión negociadora e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da

Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos, acordos colectivos de traballo e plans de igualdade ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado convenio colectivo no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 4 de novembro de 2022.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

CONVENIO COLECTIVO DA EMPRESA PREZERO, S.A CO SEU PERSOAL ADSCRITO ÓS SERVIZOS DE LIMPEZA DE ESPAZOS PÚBLICOS, RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBÁNS DO CONCELLO DE SARRIA

1.- AMBITO DE APLICACIÓN

O presente convenio colectivo será de aplicación exclusiva ós traballadores de PreZero S.A. no seu centro de traballo en Sarria adicado á Recollida de Lixo Residuos Sólidos Urbáns e Limpeza Viaria do Concello de Sarria en Lugo. Se firma por unha banda polo delegado de persoal e doutra banda pola empresa a través do seu Xestor e Xefe de Servizo e o responsable en Galicia de Relacións Laborais.

2.- VIXENCIA E DURACIÓN:

O presente convenio entrará en vigor o 1 de xaneiro do 2022 e rematará a mesma o 31 de decembro de 2025.

O presente convenio se entenderá automaticamente denunciado ao seu vencemento, permanecendo o mesmo en vigor mentres non se firme un novo convenio.

3.- VINCULACIÓN Á TOTALIDADE:

O presente pacto constitúe un todo único e indivisible baseado no equilibrio das recíprocas obrigacións e mutuas contraprestacións asumidas polas partes, e como tal, deberán ser obxecto de consideración conxunta, quedando estas mutuamente vinculadas o cumprimento da súa totalidade. En consecuencia non poderán tomarse illadamente algunha ou algunhas das materias pactadas.

4.- XORNADA E HORARIO:

A xornada de traballo será de 39 horas semanais, dende a firma do convenio e a súa distribución horaria será flexible en función das necesidades dos servizos de limpeza pública, de inescusábel execución, dado o carácter público dos mesmos. Igualmente, poderá establecerse unha distribución irregular da xornada ó longo do ano.

Os días festivos e domingos nos que se precise realiza-lo servizos, estes faranse co persoal voluntario da plantilla, abonándose con 100 euros brutos ao día. Nembregantes o especificado no punto anterior, o tratarse dun servizo público de inescusábel realización, existe a obriga de presta-lo servizo en domingos e festivos, por tanto, no caso de non existir persoal voluntario, nomearíanse correturnos obrigatorios de traballo co persoal afecto ós servizos de limpeza. Por cada domingo traballado se desfrutará ademais de un día de descanso compensatorio dentro do mes seguinte, o cal será determinado pola empresa en función das necesidades do Servizo.

Unha vez que se produza a adxudicación do novo pliego á empresa que resulte gañadora, e esta comece a prestar servizos, establecerase un descanso en promedio e cómputo anual de dous días consecutivos de descanso por semana, sempre cumprindo os servizos, novos ou non, que se poidan establecer nos novos pliegos e condicións.

5.- VACACIÓNS:

O período de vacacións será de 31 días naturais que se desfrutarán segundo o sistema de 2 quincenas de carácter rotatorio, según acta firmada polos traballadores e a empresa. A distribución das vacacións será en dous períodos, un de 16 días no inverno e outro de 15 no verán.

6.- PERMISOS E LICENZAS:

As licenzas con dereito a remuneración, ademais das previstas no artigo 37 do Estatuto dos Traballadores, previo aviso e xustificación serán de:

- Quince días en caso de matrimonio
- Dous días por nacemento de fillo ou por falecemento, accidente ou enfermidade grave ou hospitalización de parentes ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Cando por tal motivo o traballador precise facer un desprazamento o efecto, o prazo será de catro días. No caso de falecemento de familiares de primeiro grado o permiso será de 3 días naturais e se é con desprazamento de 5 días naturais
- Un día por traslado de domicilio habitual.
- Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inexcusable de carácter público e persoal, comprendendo o exercicio do sufraxio activo.

7.- ASUNTOS PROPIOS:

A empresa, concederá ao persoal, a partir do ano 2023, 3 días de permiso retribuído, en concepto de asuntos propios sen xustificación. Os días se solicitarán por escrito dentro do ano en curso e a empresa dará contestación, igualmente escrita, a dita solicitude. Poderase denegar por necesidades do servizo, propoñéndose unha fecha alternativa pola empresa.

Os traballadores con contratos inferiores ao ano, terán dereito a disfrutar da parte proporcional dos días que correspondan ao tempo de duración do seu contrato.

Un dos días se terá que solicitar e disfrutar no primeiro semestre do ano.

8.- HORAS EXTRAORDINARIAS:

Todas as horas de traballo que excedan da xornada establecida terán carácter de extraordinarias, sen perxucio do establecido no artigo cuarto do presente convenio.

Os efectos dos límites establecidos como número de horas, non se computarán as horas extraordinarias que se compensen mediante descanso dentro dos catro meses seguintes a súa realización, igualmente tampouco se terán en conta as horas extras traballadas para previr ou reparar sinistros e outros danos extraordinarios urxentes.

9.- GRATIFICACIONES EXTRAORDINARIAS:

Os traballadores se lles abonarán tres pagas extraordinarias.

A primeira, pagadera o 30 de xuño, se devengará do 1 de xullo o 30 de xuño e corresponderá a 30 días de salario base máis antigüidade; a segunda pagadera o día 15 de decembro, se devengará do 1 de xaneiro ó 31 de decembro e tamén será de 30 días de salario base máis antigüidade; finalmente, a terceira que se pagará o día 15 de marzo, se devengará do 1 de abril do ano anterior ó 31 de marzo e corresponderá a 30 días de salario base máis antigüidade, segundo táboa anexa.

Estas gratificacións non se devengarán en caso de ausencia non xustificada. En caso de alta ou baixa abonaranse en proporción ó tempo traballado.

10.- CONDICIÓN ECONÓMICAS:

A retribución de cada traballador afectado polo presente convenio estará composta polo salario e os complementos salariais que se determinan na táboa salarial anexa.

A subida salarial será a seguinte:

Año 2022:

Aplicarase subida salarial só se procedese revisión ou actualización do canon á empresa por parte do cliente, determinándose por tanto con posterioridade.

Año 2023:

Aplicarase un incremento de 1.000 euros brutos anuais por traballador/a e ano completo, que se abonará nunha soa paga e no mes de outubro de 2023 como unha paga de outubro, sempre que nesa data se producira xa a subrogación do persoal por cambio de concesión có novo prego de condicións, e a nova empresa abonará a paga completa. Se nese ano non se producira aínda a entrada da nova concesionaria, o abono se producirá no momento en que esta entre.

Año 2024:

Aplicarase un incremento do IPC real do ano anterior, a abonar dende o mes de xaneiro de 2024, sempre que se producira o cambio de concesionaria por adxudicación do novo pliego. Se nese ano non se producira aínda a entrada da nova concesionaria, a cuantía que corresponda por aplicación do citado IPC sobre todos os conceptos, se abonara coma unha paga non consolidable no momento en que esta entre a nova concesionaria. E se aplicará tamén o incremento do IPC nas táboas a os solos efectos de elaborar as táboas do ano seguinte.

Año 2025:

Aplicarase un incremento do IPC real do ano anterior, a abonar dende o mes de xaneiro de 2025, sempre que se producira o cambio de concesionaria por adxudicación do novo pliego. Se nese ano non se producira aínda a entrada da nova concesionaria, a cuantía que corresponda por aplicación do citado IPC sobre todos os conceptos, se abonara coma unha paga non consolidable no momento en que esta entre a nova concesionaria. E se aplicará tamén o incremento do IPC nas táboas a os solos efectos de elaborar as táboas do ano seguinte.

Establecerase un plus de 1 euro diario por día efectivo de traballo, que se aboará soamente cando se produza a prestación efectiva de servizos. Se nese ano non se producira aínda a entrada da nova concesionaria, a cuantía que corresponda polos días xa transcorridos do ano 2025 antes do cambio efectivo de empresa, serán, se abonara coma unha paga non consolidable no momento en que esta entre a nova concesionaria, abonando a partir de dita data o importe por día de traballo.

11.- ANTIGÜEDAD:

Establécese en concepto de antigüidade un complemento de 5% do salario base por trienio de permanencia.

Establécense unhas Gratificacións voluntarias de carácter mensual según táboa anexa.

12.- ROUPA DE TRABALLO :**INVERNO.-**

- Conductor: 1 pantalón, 1 polo, 1 par de botas, 1 anorak y 1 traxe de augas según petición, 1 polar, 1 chaleco, 1 gorro, 1 toalla

- Peón: 1 pantalón, 1 polo, 1 par de botas, 1 anorak y 1 traxe de augas, 1 polar, 1 gorro, 1 toalla

VERÁN.-

- Conductor: 1 pantalón, 1 polo, 1 par de zapatos, 1 xersei verano, 1 chaleco reflectante, 1 gorra ou visera, 1 toalla

- Peón: 1 pantalón, 1 polo, 1 par de zapatos, 1 xersei verano, 1 chaleco reflectante, 1 gorra ou visera, 1 toalla

As entregas da roupa se farán, con carácter orientativo, nos meses de outubro e xuño, respectivamente.

13.- RECOÑECIMENTOS MÉDICOS :

Cada ano realizarase, a todos os traballadores, por conta da Empresa e con carácter voluntario, o recoñecemento médico específico ós seus postos de traballo, entregándose os resultados ó traballador.

14.- SUBROGACIÓN :

En todos os supostos de remate, troco de concesión, perda, rescisión ou rescate da contrata, todos os traballadores adscritos ó servizo, cunha antigüidade mínima de 4 meses, pasarán á nova empresa titular da mesma, respectándolles todo os dereitos e condicións laborais, económicas e sociais, así como as obrigas contidas neste Convenio Colectivo.

A empresa saínte facilitará toda a documentación e información necesaria para que poida efectuarse dita adscrición á nova empresa contratista.

15.- POLIZA DE SEGUROS:

A empresa subscribirá unha póliza pola que, cando se produza un accidente laboral ou enfermidade profesional como consecuencia da actividade laboral e derive en morte, incapacidade laboral total, absoluta ou gran invalidez, o traballador ou os seus beneficiarios, perciban, en concepto de indemnización a cantidade de 25.000 euros, independentemente das prestacións que puidesen corresponderlles por este motivo.

O traballador/a poderá designar ante a entidade aseguradora e por escrito os seus propios beneficiarios. Ó delegado sindical, faráselle entrega dunha copia da póliza concertada.

16.- XUBILACIÓN PARCIAL

Garántese o dereito subxectivo do traballador/a a acceder á xubilación parcial, sempre que se cumpran os requisitos esixidos na lexislación vixente.

17.- RETROACTIVIDADE DO CONVENIO

So terá carácter retroactivo o artigo 10 de este convenio.

18.- COMISIÓN PARITARIA:

Para a resolución de todas as cuestións relacionadas co presente Convenio Colectivo, se acorda constituír unha Comisión Mixta Paritaria, que estará composta por 1 membro da parte empresarial e outro da parte social, e terá as seguintes funcións:

a) Interpretación do Convenio.

b) Vixilancia do cumprimento do pactado.

c) Intervención obrigatoria previa á vía ordinaria, para solución de Conflitos de ámbito colectivo.

d) Aquelas actividades que tendan á eficacia del Convenio e a unha solución interna de posibles conflitos.

e) Estudio e análises das novidades e variacións que experimente a normativa laboral e a súa incidencia sobre os contidos pactados no presente convenio colectivo.

f) A comisión paritaria será a encargada de resolver as discrepancias que poidan xurdir para a no aplicación das condicións de traballo a que se refire o artigo 82.3, adoptando no seu caso os procedementos establecidos no artigo 41 do Estatuto dos Traballadores, e nos acordos interprofesionais de ámbito autonómico que se establezan.

g) A comisión se somete os procedementos e prazos de actuación para a solución das discrepancias producidas en su seno ós sistemas no xudiciais de solución de Conflitos establecidos no AGA (acordo Galego Interprofesional de

Solución extraxudicial de Conflitos colectivos) e nos acordos interprofesionais que se podan establecer de conformidade co artigo 83 do ET.

Funcionamento:

Indistintamente por calquera das partes integradas poderá convocarse a Comisión Mixta Paritaria, debendo celebrar a reunión no prazo máximo de 7 días a partir da data da convocatoria.

A Comisión Mixta deberá emitir o informe nun prazo de sete días, a contar dende o día seguinte en que foi solicitado.

Os acordos se adoptarán por maioría dos membros da comisión. Os acordos que se adopten pola comisión paritaria terán a mesma eficacia que a norma pactada interpretada.

20.- NON DISCRIMINACIÓN:

Se prohíbe toda discriminación por razón de xénero dentro da empresa, sendo de aplicación o plan de igualdade de Prezero España S.A. (antes Cespa S.A.) en toda a súa extensión.

21.- RESTO DE CONDICIONS LABORAIS:

Para o resto de condicións laborais será de aplicación, en toda a súa extensión e contido, o Convenio Xeral do sector de Saneamento Público, Limpeza Viaria, Regos, Recollida Tratamento e Eliminación de Residuos, Limpeza e Conservación do Alcantarillado.

ANEXO I TABOAS SALARIAIS ANO 2022

Estas táboas estarán vixentes ata a negociación coa nova concesionaria.

Táboas definitivas 2022	Salario Base	Plus Tóxico/Penoso	Plus Transporte	P. xuño	P. nadal	P. marzo	Total
	12	12	12	1	1	1	
Encargado/a	1.160,40	186,40	62,44	1.160,40	1.160,40	1.160,40	20.392,03
Conductor/a	937,56	140,88	62,44	937,56	937,56	937,56	16.503,19
Peón conductor/a	937,56	140,88	62,44	937,56	937,56	937,56	16.503,19
Peón	894,55	130,90	62,44	894,55	894,55	894,55	15.738,28
Festivo	100,00						
Hora extra	9,73						
Bolsa amarela	50,00						
Mov. Contén.(ud)	10,00						
Grat. II	897,63 x 12						
Grat. III	167,70 x 12						
Antig trienio (5% s.b.)							
Encargado/a	58,02						
Conductor/a	46,88						
Peón conductor/a	46,88						
Peón	44,73						

ANEXO II: TABOAS SALARIAIS ANO 2023, 2024 e 2025

Estas táboas estarán vixentes dende a entrada da nova concesionaria.

Táboas definitivas 2023	Salario Base	Plus Tóxico/Penoso	Plus Transporte	P. xuño	P. nadal	P. marzo	P. outubro	Total
	12	12	12	1	1	1	1	
Encargado/a	1.160,40	186,40	62,44	1.160,40	1.160,40	1.160,40	1.000,00	21.392,03
Conductor/a	937,56	140,88	62,44	937,56	937,56	937,56	1.000,00	17.503,19
Peón conductor/a	937,56	140,88	62,44	937,56	937,56	937,56	1.000,00	17.503,19
Peón	894,55	130,90	62,44	894,55	894,55	894,55	1.000,00	16.738,28
Festivo	100,00							
Hora extra	9,73							
Bolsa amarela	50,00							
Mov. Contén.(ud)	10,00							
Grat. II	897,63 x 12							
Grat. III	167,70 x 12							
Antig trienio (5% s.b.)								
Encargado/a	58,02							
conductor/a	46,88							
Peón conductor/a	46,88							
Peón	44,73							
Táboas 2024 PROVISIONAIS	Salario Base	Plus Tóxico/Penoso	Plus Transporte	P. xuño	P. nadal	P. marzo	P. outubro	Total
PENDENTE DO IPC DO 2023	12	12	12	1	1	1	1	
Encargado/a	1.160,40	186,40	62,44	1.160,40	1.160,40	1.160,40	1.000,00	21.392,03
conductor/a	937,56	140,88	62,44	937,56	937,56	937,56	1.000,00	17.503,19
Peón conductor/a	937,56	140,88	62,44	937,56	937,56	937,56	1.000,00	17.503,19
Peón	894,55	130,90	62,44	894,55	894,55	894,55	1.000,00	16.738,28
Festivo	100,00							
Hora extra	9,73							
Bolsa amarela	50,00							
Mov. Contén.(ud)	10,00							
Grat. II	897,63 x 12							
Grat. III	167,70 x 12							

Antig trienio (5% s.b.)								
Encargado/a	58,02							
condutor/a	46,88							
Peón condutor/a	46,88							
Peón	44,73							
Táboas 2025 PROVISIONAIS	Salario Base	Plus Tóxico/Penoso	Plus Transporte	P. xuño	P. nadal	P. marzo	P. outubro	Total
PENDENTE DO IPC DO 2024	12	12	12	1	1	1	1	
Encargado/a	1.160,40	186,40	62,44	1.160,40	1.160,40	1.160,40	1.000,00	21.392,03
condutor/a	937,56	140,88	62,44	937,56	937,56	937,56	1.000,00	17.503,19
Peón condutor/a	937,56	140,88	62,44	937,56	937,56	937,56	1.000,00	17.503,19
Peón	894,55	130,90	62,44	894,55	894,55	894,55	1.000,00	16.738,28
Festivo	100,00							
Hora extra	9,73							
Bolsa amarela	50,00							
Mov. Contén.(ud)	10,00							
Plus asistencia día x día efectivo	1,00							
Grat. II	897,63 x 12							
Grat. III	167,70 x 12							
Antig trienio (5% s.b.)								
Encargado/a	58,02							
condutor/a	46,88							
Peón condutor/a	46,88							
Peón	44,73							

FIN DO DOCUMENTO QUE CONSTA DE 7 FOLLAS

Rafael de Vega López

Luis González Maceira

Manuel Polledo Cerdeiriña

DI 33313387 W

DI 32300460W

DI 32815930J

Lugo, 4 de novembro de 2022.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

R. 3202

FOLGOSO DO COUREL*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía 2021-0357, de data 04 de novembro de 2022, aprobáronse as bases Reguladoras da convocatoria para a ampliación da bolsa de emprego de auxiliares de axuda no fogar aprobada por Resolución de Alcaldía 2022-0076, de data 06 de abril de 2022.

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello de Folgoso do Courel no prazo de cinco días hábiles a contar a partir da publicación deste anuncio no BOP.

As bases completas publicaranse no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Folgoso do Courel (<https://folgosodocourel.sedelectronica.es>).

Folgoso do Courel, 4 de novembro de 2022.- A alcaldesa presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 3203

Anuncio

De conformidade coa Resolución de Alcaldía 2022 - 0354, de 03 de novembro de 2022 faise pública a convocatoria para a selección de persoal consistente en:

Posto: un/unha auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar.

Modalidade contractual: contrato por circunstancias da produción a xornada completa.

Duración prevista do contrato: seis meses.

Prazo de presentación das solicitudes: cinco días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As bases completas publicaranse no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Folgoso do Courel (<https://folgosodocourel.sedelectronica.es>).

Folgoso do Courel, 04 de novembro de 2022.- A alcaldesa presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 3204

LUGO*Anuncio***DECRETO Nº 10689 de 07/11/2022**

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído o expediente relativo ao proceso selectivo para o acceso en propiedade a tres prazas de Técnico/a de Xestión pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (dúas incluídas na OEP 2017 e unha incluída na OEP 2020), convocado polo Decreto Nº: 7528/2022 do 21 de xullo de 2022 que modifica o Decreto nº 11377/2021 do 22 de decembro de 2021, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e tendo en conta:

ANTECEDENTES DE FEITO

- Acordo 9/286 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o día 8 de xullo de 2020, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2020 e no su anexo, figura entre outras, a seguinte praza:

1 TECNICO/A MEDIO XESTION Subgrupo A2 escala administración xeral quenda de promoción interna

- Acordo 10/299 da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 19 de maio de 2021 de APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A CATRO PRAZAS DE TÉCNICA/O MEDIA/O DE XESTIÓN PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (TRES INCLUÍDAS NA OEP 2017 E UNHA INCLUÍDA NA OEP 2020)

- Decreto nº 11377/2021 do 22/12/2021 polo que se convoca o proceso selectivo para o acceso en propiedade catro prazas de TECNICO/A MEDIO XESTION do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (TRES INCLUÍDAS NA OEP 2017 E UNHA INCLUÍDA NA OEP 2020),

- Acordo 11/252 da Xunta de Goberno Local do 4-5-2022 de APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE LUGO, LEI 20/2021 DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (BOP Lugo núm. 110 de 14 de maio de 2022) no que entre outros puntos acórdase:

Deixar sen efecto parcialmente, a oferta de emprego público do Concello de Lugo correspondente á anualidade de 2017 (unha praza de acceso por promoción interna Técnico/a Medio Xestión) e desistir do proceso selectivo convocado de dunha praza de acceso por promoción interna Técnico/a Medio Xestión (OEP 2017)

- Acordo da Xunta de Goberno Local 6/299 en sesión ordinaria do 1-6-2022 de MODIFICACIÓN DO ACORDO 10/299 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 19 DE MAIO DE 2021 DE APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A CATRO PRAZAS DE TÉCNICA/O MEDIA/O DE XESTIÓN PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (TRES INCLUÍDAS NA OEP 2017 E UNHA INCLUÍDA NA OEP 2020.)

- Decreto Nº: 7528/2022 do 21 de xullo de 2022 que modifica o Decreto nº 11377/2021 do 22 de decembro de 2021 no seu apartado primeiro e convocando o proceso selectivo para o acceso en propiedade tres prazas de TECNICO/A MEDIO XESTION do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (DÚAS INCLUÍDAS NA OEP 2017 E UNHA INCLUÍDA NA OEP 2020), que se rexerá polas BASES ESPECÍFICAS aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 19 de maio de 2021 e modificadas na sesión ordinaria do 1 de xuño de 2022.

- No «Boletín Oficial de la Provincia de Lugo» número 299, do 31 de decembro de 2021, con rectificación no número 174, do 1 de agosto de 2022, publicáronse íntegramente as bases que rixen dita convocatoria, extracto do mesmo no «Diario Oficial de la Galicia» número 50, do 14 de marzo de 2022, con rectificación no número 181, de 22 de setembro de 2022 e publicación no BOE número 237 do 3 de outubro de 2022.

- Con data do 03 de novembro do 2022 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- Acordo 8/621 da Xunta de Goberno Local, de data 26 de outubro de 2022, de designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a tres prazas de Técnico/a medio de Xestión pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de promoción interna.

- Proposta do Xefe de Servizo de Persoal de data 7 de novembro de 2022.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. 256 do 7 de Noviembre de 2014 foron publicadas as BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, (no BOP de Lugo do 15 de febreiro de 2019 foi publicada unha modificación de ditas bases xerais) figurando na súa base UNDÉCIMA.- LISTA DE ADMITIDOS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS, o seguinte:

“Rematado o prazo de presentación de instancias, e logo de informe previo do Servizo de Persoal acerca da antigüidade do aspirante ó servizo do Concello, da súa condición de funcionario ou persoal laboral, da súa pertenza ós corpos, escalas ou grupos de titulación esixidos para optar á quenda de promoción interna e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal, se é o caso, verbo da xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso, así como para a valoración da antigüidade na fase de concurso; a Alcaldía ou Concelleiro Delegado, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, poderá publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de admitidos e excluídos.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.”

Segundo.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 9 de outubro de 2019 adoptou a acordo 10/628 APROBACIÓN DE INSTRUCCIÓN PARA O FUNCIONAMENTO E ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, figurando no seu ARTIGO 4. NOMEAMENTO E REQUISITOS DE COMPOSICIÓN, punto 3. “A composición nominal do Órgano de Selección publicarase xunto coa lista provisional de admitidos e excluídos.”

Terceiro.- Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases que rexen a convocatoria e tendo en conta a proposta do Xefe do Servizo de Persoal de data 7 de novembro de 2022, en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, a Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº: 7528/2022 do 21 de xullo de 2022 que modifica o Decreto nº 11377/2021 do 22 de decembro de 2021 tres prazas de TECNICO/A MEDIO XESTION do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (DÚAS INCLUÍDAS NA OEP 2017 E UNHA INCLUÍDA NA OEP 2020), que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS :

Apelidos e nome	DNI
MARTÍNEZ DABLANCA, ANA ISABEL	***1382**
MEILÁN FERNÁNDEZ, M ^a DE LAS NIEVES	***0417**
POMBO GALLEGO, NURIA	***3123**
SANTIAGO VAZQUEZ, JULIA	***3089**

EXCLUIDOS/AS:

Apelidos e nome	DNI	CAUSA DA EXCLUSIÓN
EVA M ^a SEOANE CAZÓN	***2973**	Non aporta copia DNI nin da titulación esixida

Segundo.- Facer público que, segundo o acordo 8/621 da Xunta de Goberno Local, de data 27 de outubro de 2022, de designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a tres prazas de Técnico/a medio de Xestión pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de promoción interna (dúas incluídas na OEP 2017 e unha incluída no OEP 2020); estará constituído do seguinte xeito:

Presidente/a:

- Dona María Begoña López García, Técnica de Administración Xeral do Servizo de Apoio Técnico da Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior no Concello da Coruña

Suplente: D.^a Ana María Rivas García, Secretaria Interventora do Concello de Becerreá.

Vogais:

- Dona Lara Otero Díaz, Técnica de Administración Xeral do Concello de Fene.

Suplente: D. Pablo Portela Fernández, Secretario do Concello de Guitiriz.

- Don Alejandro Maseda Mallo, Secretario de Vilalba.

Suplente: D.^a Luisa Fernández Pérez, Secretaria Interventora do Concello de Samos.

- Don Alberto Rafael Castillo Reboiro, Secretario Interventor do Concello da Pobra do Brollón.

Suplente: D. Juan Ignacio Márquez Gacio, Técnico do Concello de Lugo.

Secretario:

- Don Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Suplente: D. Justo Díaz Rodríguez, Letrado Asesor/Vicesecretario Accidental do Concello de Lugo.

Terceiro.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, sinalando un prazo de dez días hábiles para emendas (de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común

das Administracións Públicas), contados a partir do seguinte á publicación deste Decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

R. 3214

Anuncio

DECRETO nº 10738/2022 de 09/11/2022

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído o expediente relativo ao proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Técnico/a da Administración Xeral pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OEP 2020), unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e tendo en conta:

ANTECEDENTES DE FEITO

- Acordo 9/286 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2020, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2020.

- Acordo da Mesa Xeral de Negociación do día 14 de xaneiro de 2021 de proposta de aprobación das bases para acceso ás prazas de promoción interna. - Proposta de aprobación das bases específicas de 20 de xaneiro de 2021 para o acceso en propiedade a unha praza de Técnica/o da escala de Administración Xeral pertencente ao cadro de persoal funcionario do excmo. concello de lugo, quenda de promoción interna (OEP 2020).

- Informe de Intervención de 4 de maio de 2021 no que se indica que deberá de incluírse nas Bases Reguladoras da Convocatoria a composición e número de membros do Tribunal (non a súa identificación persoal), cuxos vocais deberán poseer titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso á praza convocada.

- Acordo 9/298 da Xunta de Goberno Local do 19-5-2021 de APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE TÉCNICA/O DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL (Grupo A - Subgrupo A1) PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2020).

- Decreto Nº: 1992/2022 de data 22/02/2022 da CONVOCATORIA PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE TÉCNICA/O DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2020). Publicado BOP de Lugo nº 51, de 4 de marzo de 2022;

Publicouse un extracto de dita convocatoria no «Diario Oficial de la Galicia» número 71, de 12 de abril de 2022; e o anuncio BOE nº 126 de data 27 de maio de 2022.

- Acordo 9/622 de data 27 de outubro de 2022 da Xunta de Goberno Local de designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Técnico/a de Administración Xeral pertencente ao cadro de persoal funcionario do excmo. concello de lugo, promoción interna (OEP 2020).

- Proposta do Xefe de Servizo de Persoal de data 09 de novembro de 2022.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. 256 do 7 de Noviembre de 2014 foron publicadas as BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, (no BOP de Lugo do 15 de febreiro de 2019 foi publicada unha modificación de ditas bases xerais) figurando na súa base UNDÉCIMA.- LISTA DE ADMITIDOS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS, o seguinte:

“Rematado o prazo de presentación de instancias, e logo de informe previo do Servizo de Persoal acerca da antigüidade do aspirante ó servizo do Concello, da súa condición de funcionario ou persoal laboral, da súa pertenza ós corpos, escalas ou grupos de titulación esixidos para optar á quenda de promoción interna e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal, se é o caso, verbo da xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso, así como para a valoración da antigüidade na fase de concurso; a Alcaldía ou Concelleiro Delegado, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, poderá publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de admitidos e excluídos.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos

locais onde se celebrou a proba anterior.”

Segundo.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 9 de outubro de 2019 adoptou a acordo 10/628 APROBACIÓN DE INSTRUCIÓN PARA O FUNCIONAMENTO E ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, figurando no seu ARTIGO 4. NOMEAMENTO E REQUISITOS DE COMPOSICIÓN, punto 3. “A composición nominal do Órgano de Selección publicarase xunto coa lista provisional de admitidos e excluídos.”

Terceiro.- Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases que rexen a convocatoria e tendo en conta a proposta do Xefe do Servizo de Persoal de data 9 de novembro de 2022, en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, a Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº: 1992/2022 do 22 de febreiro de 2022 da convocatoria para o acceso en propiedade a unha praza de Técnico/o da escala de Administración Xeral (Grupo A - Subgrupo A1) pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (OEP 2020), que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS :

Apelidos e nome	DNI
FRAMIL REGO, NATALIA	***9723**

EXCLUIDOS/AS:

Apelidos e nome	DNI	CAUSA DA EXCLUSIÓN
SEOANE CAZÓN, EVA MARÍA	***2973**	Non pertencer ao grupo inmediatamente inferior

Segundo.- Facer público que, segundo o Acordo 9/622 de data 27 de outubro de 2022 da Xunta de Goberno Local de designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Técnico/a de Administración Xeral pertencente ao cadro de persoal funcionario do excmo. concello de lugo, promoción interna (OEP 2020); estará constituído do seguinte xeito:

Presidente/a:

- Dona Ana María Rivas García Secretaria Interventora do Concello de Becerreá.

Suplente: D.ª María Begoña López García, Técnica de Administración Xeral do

Servizo de Apoio Técnico da Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior no Concello da Coruña.

Vogais:

- Dona Luisa Fernández Pérez, Secretaria Interventora Concello de Samos.

Suplente: D. Julio Torre Rodríguez, Xefe de Servizo de Laboratorio Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación

- Don Alejandro Maseda Mallo, Secretario de Vilalba.

Suplente: D.ª Lara Otero Díaz, Técnica de Administración Xeral Concello de Fene.

- Don Juan Ignacio Márquez Gacio, Técnico do Concello de Lugo.

Suplente: D. Alberto Rafael Castillo Reboiro, Secretario Interventor do Concello da Pobra do Brollón.

Secretario:

- Don Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Suplente: D. Justo Díaz Rodríguez. Letrado Asesor/Vicesecretario Accidental do

Concello de Lugo.

Terceiro.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, sinalando un prazo de dez días hábiles para emendas (de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), contados a partir do seguinte á publicación deste Decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

R. 3252

Anuncio

Queda aprobada definitivamente a modificación orzamentaria mediante a modalidade de suplemento de crédito - crédito extraordinario núm. 3-2022 do vixente orzamento xeral, ao non haber reclamacións no prazo de exposición ao público, do acordo inicial de aprobación da mesma, acordo núm. 5/115 adoptado na sesión plenaria extraordinaria celebrada o día 29 de setembro de 2022, publicado no BOP nº 230 do 7 de outubro de 2022.

O resumo por capítulos do estado de gastos e ingresos despois da modificación aprobada é o seguinte:

ORZAMENTO DA PROPIA CORPORACIÓN (€)

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO		CONSIGNACIÓN ACTUAL	MODIFICACION ORZAMENTARIA SC-CE 3-2022	CREDITOS TOTAIS DESPOIS DA MODIFICACIÓN
	OPERACIÓNS CORRENTES			
1	Gastos de Persoal	33.476.034,56		33.476.034,56
2	Gastos en bens correntes e servizos	62.022.702,69	861.894,43	62.884.597,12
3	Gastos financeiros	371.154,68	178.069,50	549.224,18
4	Transferencias correntes	7.421.436,26	0	7.421.436,26
5	Fondo de Continxencia a outros imprevistos	400.000,00	0	400.000,00
	Total operacións correntes	103.691.328,19	1.039.963,93	104.731.292,12
	OPERACIÓNS DE CAPITAL			
6	Investimentos reais	39.215.360,52	- 1.039.963,93 baixas por anulación	38.175.396,59
7	Transferencias de capital	1.548.941,32	0	1.548.941,32
	Total operacións de capital	40.764.301,84	-1.039.963,93	39.724.337,91
	OPERACIÓNS FINANCEIRAS			
8	Activos financeiros	2.500.000,00		2.500.000,00
9	Pasivos financeiros	0		0
	Total operacións financeiras	2.500.000,00		2.500.000,00
	TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	146.955.630,03	0,00	146.955.630,03

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO		CONSIGNACIÓN ACTUAL	MODIFICACION ORZAMENTARIA SC-CE 3-2022	PREVISIÓNS TOTAIS DESPOIS DA MODIFICACIÓN
	OPERACIÓNS CORRENTES			
1	Impostos directos	37.059.467,00		37.059.467,00
2	Impostos indirectos	4.692.590,00		4.692.590,00
3	Taxas e outros ingresos	26.524.255,79		26.524.255,79
4	Transferencias correntes	30.667.393,00		30.667.393,00
5	Ingresos patrimoniais	748.450,00		748.450,00
	Total operacións correntes	99.692.155,79		99.692.155,79
	OPERACIÓNS DE CAPITAL			
6	Alleamento investimentos reais	0,00		0,00
7	Transferencias de capital	8.204.780,39		8.204.780,39
	Total operacións de capital	8.204.780,39		8.204.780,39
	OPERACIÓNS FINANCEIRAS			
8	Activos financeiros	39.050.961,20		39.050.961,20
9	Pasivos financeiros	0,00		0,00
	Total operacións financeiras	39.050.961,20		39.050.961,20
	TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	146.947.897,38		146.947.897,38

Lugo, 9 de novembro de 2022.- EXCMA. SRA. ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ.

R. 3253

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

**APROBACION PADRÓNS TAXA POLO ABASTACEMENTO DE AUGA, TAXA REDE DE SUMIDOIROS E CANON
AUGA SETEMBRO-OUTUBRO 2022E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 24.10.2022 aprobáronse os padróns da Taxa polo abastecemento de auga, a Taxa de rede sumidoiros e Canon de auga do quinto bimestre 2022 (SETEMBRO-OUTUBRO).

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notificáanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, a contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns da Taxa polo abastecemento de auga e Taxa pola Rede sumidoiros e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso -administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co artigo 49.7 do Decreto 136/2012 do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico -administrativa ante o órgano económico- administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende se entenda producida a notificación.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o artigo 13 da Ordenanza Xeral de Xestión de Ingresos Municipais de Dereito Público fixase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 31.10.2022 ata o 02.01.2023.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca en horario de atención ao público.
- 2) A través de caixeiros automáticos da devandita entidade financeira.
- 3) A través da páxina web www.aqualia.es.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse os correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

A falta de pagamento en período voluntario do canon suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Monforte de Lemos, 2 de novembro do 2022.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022.- A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3205

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

O Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 04/11/2022, aprobou inicialmente o expediente núm. 465/2022 de modificación de créditos do orzamento do 2022. Dando cumprimento ao preceptuado no artigo 177.2 en relación co artigo 169.1 do real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, expónse ao público por prazo de quince días hábiles na secretaria deste Concello que comezará a contarse dende o seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas e que deberán dirixirse ao sr. alcalde-presidente deste Concello.

A Pobra do Brollón, 8 de novembro de 2022.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 3254

RÁBADE

Anuncio

Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e recollida de lixo do 4º e 5º bimestre do exercicio 2022.

Por Decreto da Alcaldía de data 3 de novembro de 2022, aprobouse o Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e lixo, correspondente ó cuarto e quinto bimestre do exercicio 2022, cuxo importe total ascende á cantidade de "128.335,14" (cento vinte e oito mil trescentos trinta e cinco con catorce) e "101.915,70" (cento un mil novecentos quince con setenta) euros respectivamente, así como a apertura dun período de información pública polo prazo dun mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario ata o día 4 de novembro do 2022 e ata o 5 de xaneiro do 2023 respectivamente.

Contra o acto de aprobación do padrón da taxa prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo e das liquidacións incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente.

Transcorrido o período de pago en período voluntario as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento a través do servizo provincial de recadación co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes desde o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón.

A falta de pagamento en período voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Rábade, a 3 de novembro do 2022.- O ALCALDE, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 3206

RIBADEO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 38 /2022 TRANSFERENCIA DE CREDITO

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 03/10/2022, sobre o expediente de modificación de créditos núm. 38/2022 do orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito, pola cantidade **de 61.725,00 euros**:

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Ribadeo, 07 de novembro de 2022.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 3221

Anuncio

ORDENANZA FISCAL T26 PISCINA MUNICIPAL

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión ordinaria celebrada o día 09/11/2022, acordou provisionalmente a modificación da ORDENANZA FISCAL T26 TAXAS PISCINA MUNICIPAL

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e procederase á súa publicación, xunto co texto íntegro da modificación da ordenanza no BOP, non entrando en vigor ata que esta teña lugar.

Ribadeo, a 10 de NOVIEMBRE de 2022.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 3263

Anuncio

ORDENANZA FISCAL T 16 E T 17 TAXA POR SUBMINISTRO DE AUGA E ALCANTARILLADO

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión ordinaria celebrada o día 09/11/2022, acordou provisionalmente a modificación da ORDENANZA FISCAL T16 ET 18 TAXA POR SUMINISTRO DE AUGA E ALCANTARILLADO

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública

polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e procederase á súa publicación, xunto co texto íntegro da modificación da ordenanza no BOP, non entrando en vigor ata que esta teña lugar.

Ribadeo, a 10 de novembro de 2022.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 3264

Anuncio

ORDENANZA FISCAL IBI

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión ordinaria celebrada o día 09/11//2022, acordou provisionalmente a modificación da **ORDENANZA FISCAL IBI** (BICES)

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e procederase á súa publicación, xunto co texto íntegro da modificación da ordenanza no BOP, non entrando en vigor ata que esta teña lugar.

Ribadeo, a 10 de novembro de 2022.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 3265

SAMOS

Anuncio

Aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 03.11.2022, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo de vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a **OUTUBRO/2022**, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello en ABANCA.

Fixanse como periodo de cobro en voluntaria:

*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 3 DE NOVEMBRO de 2022.- O ALCALDE PRESIDENTE, Julio Gallego Moure.

R. 3207

O SAVIÑO

Anuncio

Aprobación definitiva expediente de transferencia de crédito (Expte. 1079/2022).

O Concello de O Saviño, en sesión plenaria celebrada o día 29 de setembro de 2022, aprobou o expediente de modificación de crédito 14/2022, baixo a modalidade de transferencia de crédito entre distintas áreas de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal. Exposto ao público, durante quince (15) días hábiles, despois de anuncio da dita aprobación inicial no BOP de Lugo núm. 234, do 13 de outubro do 2022, e no Taboleiro de Anuncios do Concello de O Saviño, non se presentaron reclamacións contra o mesmo, polo que queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicialmente aprobado.

En cumprimento do artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, faise público o resumo por capítulos do estado de gastos despois da aprobación da devandita modificación:

Aplicacións orzamentarias de gastos							
Aplicacións orzamentarias que ceden crédito (BAIXAS)				Aplicacións orzamentarias que reciben crédito (ALTAS)			
Área Gasto	C. Económica	Concepto	Importe	Área Gasto	C. Económica	Concepto	Importe
342	619	Instalacións deportivas. Outras inv. reposición infraest. bens uso xeral	-36.430,00	161	619	Abastecemento domiciliario auga potable. Outras inversións reposición infraestruturas e bens uso xeral	9.703,70
				931	359	Política económica e fiscal. Outros gastos financeiros	5.000,00
				338	22699	Festas populares e festexos. Outros gastos diversos	21.726,30
		Total gastos	-36.430,00			Total gastos	36.430,00

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, LRXCA.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado

O Saviño, 4 de novembro de 2022.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 3208

Anuncio

Expediente 1004/2022

Procedemento: SELECCIÓN TRABALLADOR/A SOCIAL FUNCIONARIO/A INTERINO/A POR PROGRAMAS PARA EXECUCION DE PROGRAMA TEMPORAL DENOMINADO "REFORZO TRAMITACION-XESTION DE PROGRAMAS NO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS"

BASES PARA A SELECCIÓN DUN/DUNHA TRABALLADOR/A SOCIAL POR CONCURSO-OPOSICION (PERSOAL FUNCIONARIO/A INTERINO/A POR PROGRAMAS) E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA SUBSTITUCIÓNS NO CONCELLO DE O SAVIÑO.

PRIMEIRA. OBXECTO, MODALIDADE DE COBERTURA, SISTEMA DE SELECCIÓN E PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA.

O obxecto das presentes bases é rexer a selección e posterior nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a de carácter temporal, con carácter urxente, correspondente a 1 praza de traballador/a social coas características que a continuación se describen, e a creación dunha bolsa de emprego para á provisión temporal de prazos de

traballador/a social mediante o nomeamento de funcionarios/as interinos/as, coa finalidade de cubrir tanto baixas como substitucións transitorias dos seus titulares ou outras necesidades temporais, en tanto en canto non se reincorporen á súa praza.

Características da praza:

- Escala de Administración Especial, Subescala Técnica.
- Grupo profesional: GRUPO A, SUBGRUPO A2.
- Nivel: CD 16.
- Réxime Xurídico: Funcionario (Funcionario interino do artigo 10.1.c) “execución de programas de carácter temporal” do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e artigo 23.2. c) da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia).
- Duración do nomeamento: como máximo, ata o 18 de xaneiro de 2025, sen prexuízo da súa terminación anticipada pola concorrencia de calquera das causas previstas no artigo 24 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia.
- Xornada: a tempo completo (100 %).
- O aspirante seleccionado/a percibirá anualmente as retribucións básicas correspondentes ao subgrupo A2 legalmente establecidas e as retribucións complementarias que se determinen, ascendendo a un importe total de 18.846,00 euros.

A modalidade de cobertura será a de funcionario/a interino/a acollido a un programa de carácter temporal denominado “REFORZO TRAMITACION-XESTION DE PROGRAMAS DEPARTAMENTO SERVICIOS SOCIAIS COMUNITARIOS” no marco da execución do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais presentado por este Concello, en relación co cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (asignación de transferencias finalistas correntes da Consellería de Política Social); modalidade prevista no artigo 23.2.c) da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia e no artigo 10.1.c) “execución de programas de carácter temporal” do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, co obxecto de poñer en marcha no concello de O Saviñao o programa denominado “xantar na casa”, ademais da execución doutros programas.

O procedemento selectivo de acordo co establecido no artigo 10.2 do TREBEP e artigo 24 da Lei 2/2015, realizarase mediante procedementos áxiles que respectarán, en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e libre concorrencia.

A duración do nomeamento estenderase, como máximo, ata o 18 de xaneiro de 2025, e dende a data da toma de posesión (inicialmente esta praza ten unha duración de tres anos, como máximo, contados desde o 18 de xaneiro de 2022), polo que concluído o programa de carácter temporal procederase ao cese do/a empregado/a, sen prexuízo da súa terminación anticipada por calquera das circunstancias previstas na normativa de aplicación e, en particular, pola concorrencia de calquera das previstas no artigo 24 da Lei 2/2015.

Cos aspirantes que tendo superado o proceso selectivo, e pola nota final non acadasen praza, confeccionarase unha bolsa (LISTA DE AGARDA) para cubrir as baixas ou renuncias que se poidan producir no Departamento de Servizos Sociais. Dita bolsa de emprego terá validez ata o 18 de xaneiro de 2025, agás que se proceda a una convocatoria específica, por necesidades do servizo, que a deixe sen efectos.

O sistema de selección será o de concurso-oposición.

SEGUNDA. PUBLICIDADE

A presente convocatoria e as bases, publicaranse no Taboleiro de anuncios do Concello de O Saviñao, na sede electrónica enlace: <https://concellodosavinao.sedelectronica.gal>, e no Boletín oficial da provincia de Lugo; o resto de actos que deriven do proceso selectivo e que deban ser obxecto de publicidade serán publicados no Taboleiro de anuncios do Concello de O Saviñao e na sede electrónica: (<https://concellodosavinao.sedelectronica.gal>).

TERCEIRA. REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para seren admitidos/as os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español/a, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- c) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- d) Estar en posesión do Título de Diplomatura ou Grado en Traballo Social, ou estar en condicións de obtelo na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro se

deberá estar en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que o acredite, no seu caso, a homologación.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

f) Non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, en cumprimento do disposto na Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e a adolescencia, que modifica a Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección do Menor, e a Lei 45/2015, de Voluntariado. A tal efecto, deberase acreditar esta circunstancia mediante a aportación dunha certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais antes da formalización do nomeamento.

g) Posuir carné de conducir B en vigor.

h) No seu caso, copia do título de acreditación do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 4 ou equivalente.

A totalidade dos requisitos establecidos nesta base deberán posuírse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o proceso selectivo.

CUARTA. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

As solicitudes para tomar parte no proceso selectivo, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de O Saviñao e presentaranse no Rexistro Xeral deste Concello (presencial ou electrónico) ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **dez días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día de prazo coincide con sábado, domingo ou festivo, entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte.

No caso de non presentarse a instancia no Rexistro Xeral do Concello de O Saviñao ou por sede electrónica, e co fin de axilizar os trámites, o/a interesado/a **deberá anticipar copia da solicitude de participación presentada**, co selo de correos ou do rexistro correspondente, a través do correo electrónico savinao@telefonica.net ou doutro medio que permita a súa constancia fehaciente, **con anterioridade ao remate do prazo de presentación establecido nas Bases**. Sen este requisito a solicitude non será admitida en ningún caso.

Estas solicitudes obrigatoriamente deberán presentarse no modelo oficial que acompaña ás presentes bases como **Anexo I**, e na que se inclúe a declaración de cumprimento dos requisitos indicados na base terceira subscribindo o compromiso de achegar a certificación negativa do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais prevista na Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e a adolescencia, que modifica a Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección do Menor, e a Lei 45/2015, de Voluntariado, no caso de resultar seleccionado/a.

Dita solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

Obligatoria

- a) Solicitude de participación (Anexo I das Bases), debidamente asinada.
- b) Copia do DNI ou, no seu caso, NIE ou pasaporte con plena vixencia.
- c) Copia compulsada do título académico esixido (Diplomatura ou Grado en Traballo Social).
- d) Copia carné de conducir B en vigor.

Optativa

- e) Copia do título CELGA 4 (necesaria para a exención da proba de galego).
- f) Documentación acreditativa dos méritos que se aleguen a efectos de valoración na fase de concurso, incluíndo a VIDA LABORAL actualizada, xuntando copia de contratos e/ou certificado de servizos prestados.

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala no apartado anterior determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

A documentación a que se refiren os apartados anteriores poderá ser presentada en copia simple do orixinal.

Non obstante conforme establece o artigo 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, o Concello de O Saviñao cando considere que existen dúbidas derivadas da calidade da copia, poderá solicitar o cotexo das copias aportadas polo interesado, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

En todo caso os interesados responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten, reservándose este Concello a facultade de exercer as medidas de esixencia de responsabilidade oportunas no caso de falsidade na documentación achegada.

Os datos persoais incluídos na solicitude de participación serán tratados unicamente para a xestión do proceso selectivo. Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais publicarase da forma que determina a disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O Concello será o responsable do tratamento destes datos.

Non se esixe o pago de taxa por dereitos de exame.

QUINTA. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo de cinco días, declarando aprobada a **lista provisional de admitidos e excluídos**, indicando a causa de exclusión, no seu caso. Na devandita resolución, que se publicará no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, sinalarase un prazo improrrogable de **dous días hábiles para emenda**. Dado o carácter urxente da convocatoria, a presentación de reclamacións por calquera outro medio distinto ao de presentación no Rexistro Xeral do Concello de O Saviñao, deberá se comunicada por correo electrónico: savinao@telefonica.net, dentro do prazo de 2 días hábiles sinalado anteriormente.

De non existir solicitudes de participación excluídas, a lista presentada ao remate do prazo de presentación de instancias, terá carácter definitivo.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo de 3 días dende a finalización do prazo para presentación. Transcorrido devandito prazo sen que se ditara resolución algunha, as alegacións entenderanse desestimadas.

Transcorrido o prazo de emenda pola Alcaldía, aprobarase a **lista definitiva de aspirantes** admitidos e excluídos, que se publicará no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello. Nesta mesma resolución sinalarase o lugar e hora de realización das probas de oposición e a composición do Tribunal cualificador.

Todas as comunicacións dirixidas aos aspirantes que ao longo do proceso selectivo se realicen polo órgano de selección serán publicadas no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na na súa páxina web <https://www.concellodosaviñao.com>

Os datos persoais (nome, apelidos, enderezo aos efectos de notificacións) dos candidata/os que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva. Igualmente se, en calquera momento da tramitación do proceso de selección, se comproba que o/a aspirante carece deses requisitos malia figurar incluído na lista de admitidos será excluído inmediatamente.

SEXTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do RD Lexislativo 2/2015, TREBEP. Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros e 5 suplentes, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Deberán así mesmo pertencer a un Corpo, Escala ou Categoría Profesional na que se requira unha titulación igual a esixida para participar neste proceso selectivo. A pertenza aos Tribunais será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación nin por conta de ninguén. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a, que terá voz, pero non voto- podendo acordar nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer sempre a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, igualmente con voz e sen voto.

O órgano de selección confórmase coa estrutura seguinte:

— Presidente/a: empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso a praza convocada.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, aseguralo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

— Secretario/a: o da Corporación ou membro da mesma en que delegue.

— Vogais que determine a convocatoria (3): tres empregados/as públicos con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ó posto convocado.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia da/o presidenta/o e da/o secretaria/o ou dos que legalmente os substitúan. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos seus resultados.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SÉTIMA. FORMA DE DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO, CONTIDO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

O procedemento de selección dos aspirantes será o **concurso-oposición**.

A oposición consistirá na realización dos dous exercicios que a continuación se relacionan, aos que se accederá previo **chamamento único** para a realización de cada proba, sendo excluídos da oposición quen non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

Os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir.

En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade.

FASE DE OPOSICIÓN

1. PROBA DE COÑECEMENTOS

PROBA TIPO TEST: Exercicio obligatorio e eliminatorio.

Puntuación máxima: 30 puntos.

Consistirá en contestar por escrito, un cuestionario de 30 preguntas tipo test, con catro respostas alternativas por pregunta, nun tempo de sesenta minutos, en relación co temario xeral e específico reproducido no Anexo II destas Bases. Neste exercicio non penalizan as respostas incorrectas. O dito cuestionario incluírá 2 preguntas de reserva para os casos de anulación dalgunha das preguntas do cuestionario tipo test.

A cualificación do exercicio será de cero (0) a trinta (30) puntos, isto é, 1 punto por cada resposta correcta; queda eliminado/a o/a aspirante que non obteña un mínimo de quince (15) puntos.

A dita proba, incluírá un **cuestionario adicional de 5 preguntas tipo test** para o suposto de **empate**, con catro respostas alternativas por pregunta, nun tempo de 10 minutos, en relación co temario xeral e específico citado. Será criterio para dirimir o desempate a puntuación obtida nesta proba adicional, puntuando 1 punto cada pregunta acertada.

O temario obxecto desta proba adxúntase como **Anexo II** das Bases.

2. PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

A dita proba é obligatoria e eliminatoria para aqueles candidatos/as que non teñan acreditado, no prazo de presentación de instancias, estar en posesión do Certificado en Lingua Galega – nivel 4 (CELGA 4) ou superior, e cualificarase con **apto ou non apto**, realizándose a continuación do exercicio tipo test.

Consistirá en realizar por escrito, sen dicionario, unha tradución de castelán a galego -de 20 palabras ou frases, seleccionadas polo Tribunal, a realizar nun tempo máximo de 10 minutos. A valoración deste exercicio será de apto ou non apto. Puntuarase de 0 a 10 puntos, 0,5 puntos por cada palabra ou frase correctamente traducida, precisándose acadar 5 puntos para obter a cualificación de apto.

O aspirante que non supere esta proba de galego quedará eliminado do proceso de selección

CONCURSO DE MÉRITOS

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso aos/ás aspirantes que superasen a fase de oposición. Puntuación máxima nesta fase: **5 puntos**.

Só aos aspirantes que superen a oposición valoraráselles na fase de concurso os méritos que aleguen e xustifiquen documentalmente. Non terá carácter eliminatorio e a puntuación máxima total do concurso será o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados, cos límites que se sinalan para cada un deles, e que serán:

Méritos computables:**1. Experiencia profesional: máximo 3 puntos.**

— Por cada mes completo de servizos prestados nunha Administración Pública no posto de traballador/a social mediante relación laboral ou funcionarial: 0,20 puntos.

— Por cada mes completo de servizos prestados en empresas privadas no posto de traballador/a social mediante relación laboral: 0,10 puntos .

No se terán en conta á hora de efectuar a valoración os períodos inferiores ao mes de servizo.

Terán igual valor os meses traballados, independentemente da xornada realizada.

Os méritos alegados acreditaranse mediante informe da vida laboral actualizado, xuntando certificación expedida pola Administración onde se prestaron os servizos ou os oportunos contratos. Na dita documentación deberá quedar acreditado a equivalencia entre os postos desempeñados cos da presente convocatoria.

2. Formación: máximo 2 puntos.

Cursos de formación sobre materias directamente relacionadas co posto de traballo, impartidos por Administracións Públicas, Organismos Oficiais dependentes de calquera das Administracións Públicas ou homologados por estas. Ata un máximo de 2 puntos, de acordo coa seguinte escala :

- a) Por cada curso de ata 30 horas : 0,20 puntos .
- b) Por cada curso de ata 31 a 100 horas lectivas : 0,30 puntos .
- c) Por cada curso de 101 a 200 horas lectivas : 0,50 puntos .
- d) Por cada curso de máis de 200 horas lectivas : 0,75 puntos .

Os méritos alegados neste apartado acreditaranse mediante a presentación do orixinal ou copia compulsada do título ou certificado de realización de cada curso, no que deberá constar expresamente o número de horas do curso e un resumo das materias impartidas.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración nin os cursos que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións do posto.

OITAVA. CUALIFICACIÓN, PROPOSTA E NOMEAMENTO

Rematado o proceso de selección, o Tribunal determinará as cualificacións dos aspirantes.

A cualificación final será a suma dos puntos obtidos nas fases de oposición e de concurso.

No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta os puntos acadados no **cuestionario adicional de 5 preguntas tipo test** para o suposto de **empate**,

A continuación, unha vez terminada a cualificación, o Tribunal fará pública a relación de aspirantes por orde de puntuación na sede electrónica deste Concello e no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión, precisándose que o número de propostos non poderá pasar o número de prazas convocadas.

A relación elevarase á Alcaldía coa correspondente proposta de nomeamento, que incluírá o aspirante proposto para ser nomeado/a funcionario/a interino/a por programas e os/as propostos/as para integrar a bolsa (LISTA DE AGARDA), que estará constituída por aqueles aspirantes –por orde de puntuación- que tendo superado a puntuación mínima non obtivesen praza.

O aspirante proposto acreditará ante o concello de O Saviñao, dentro do prazo de 5 días naturais seguintes, contados desde a publicación da relación de aprobados na sede electrónica e no Taboleiro de Anuncios do concello, que reúne as condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria, aportando a seguinte documentación:

- Copia auténtica ou fotocopia compulsada do DNI ou NIE no caso de estranxeiros.
- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- Declaración responsable de non ter sido separados do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais.
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- Certificado de titularidade da conta bancaria.

Comprobada a documentación, o Concello do Saviñao procederá ao nomeamento como funcionario/a interino/a acollido ao programa de carácter temporal denominado "REFORZO TRAMITACION-XESTION DE PROGRAMAS DEPARTAMENTO SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS" do/a candidato/a que obtivera a maior puntuación, previa

presentación da documentación detallada no punto anterior, acreditativa dos requisitos establecidos nestas bases.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma se deduza que carece dalgún dos requisitos sinalados nestas bases, conleva que non poderá ser nomeado/a, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrese por falsidade na solicitude de participación. Neste caso procederase a notificar á/ao candidata/o que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

A adquisición da condición de persoal funcionario interino esixe, unha vez seleccionado nos termos previstos no apartado primeiro do artigo 24, é dicir, a través de procedementos áxiles que respectarán, en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e libre concorrencia, ademais do correspondente nomeamento, o cumprimento sucesivo dos requisitos establecidos no artigo 60 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, que recolle o requisito de realizar un acto de acatamento á Constitución, ao Estatuto de Autonomía de Galicia e ao resto do ordenamento xurídico, así como de compromiso de exercer con imparcialidade as súas funcións, así como a correspondente toma de posesión, que se realizará, neste caso, no prazo de 3 días hábiles.

NOVENA. CESAMENTO DA INTERINIDADE

O cesamento do persoal funcionario interino, en virtude do disposto no artigo 24.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, producirase ademais de polas causas que determinan a perda da condición de persoal funcionario de carreira, cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Finalización da causa que deu lugar ao seu nomeamento.
- b) Amortización do posto que ocupe.
- c) Adscrición provisional ao posto de persoal funcionario de carreira ou provisión definitiva do posto por persoal funcionario de carreira.
- d) **Transcurso do prazo máximo de duración do nomeamento.**
- e) Incumprimento sobrevivendo dos requisitos esixidos para o desempeño do posto.
- f) Reincorporación da persoa titular do posto, no suposto de substitución transitoria desta.

DÉCIMA. CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As presentes bases vinculan á Administración Local convocante, ó Tribunal Cualificador e os/as aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

DÉCIMO PRIMEIRA. INCIDENCIAS

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

DÉCIMO SEGUNDA. RÉXIME XURÍDICO

A realización das probas selectivas axustarase ao establecido nas presentes bases, así como ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen las regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado, e demais disposicións que resulten de aplicación.

DÉCIMO TERCEIRA. RECURSOS

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polo interesado/a, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Alcalde que as aprobou, no prazo dun mes, ou ben interpoñer, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, no prazo de dous meses, en ambos casos contados dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da provincia de Lugo (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

DÉCIMO CUARTA . BASE XURÍDICA DO TRATAMENTO

Conforme o disposto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e no Regulamento Europeo de Protección de Datos os seus datos persoais serán tratados polo Concello de O Saviñao coa finalidade de xestionar as súas solicitudes á efectos de poder ter en conta a súa candidatura nos procesos de selección de persoal que se desenvolvan polo Concello de O Saviñao.

Igualmente se lle informa de que poderá exercer os seus dereitos de Acceso, Rectificación, Supresión e demais dereitos recollidos na normativa de protección de datos vixente.

O Saviñao, 7 de novembro de 2022.- O Alcalde,. Juan Carlos Armesto Quiroga.

ANEXO I

INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL INTERINA ACOLLIDA A UN PROGRAMA DE CARACTER TEMPORAL DENOMINADO "REFORZO TRAMITACION-XESTION DE PROGRAMAS NO DEPARTAMENTO SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS", convocada polo concello de O Saviñao.

I.- DATOS DA PRAZA Á QUE ME PRESENTO:

- DENOMINACIÓN: TRABALLADOR/A SOCIAL INTERINA ACOLLIDA A UN PROGRAMA DE CARACTER TEMPORAL DENOMINADO "REFORZO TRAMITACION-XESTION DE PROGRAMAS NO DEPARTAMENTO SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS" DO CONCELLO DE O SAVIÑAO.
- RÉXIME XURÍDICO: FUNCIONARIO INTERINO POR PROGRAMAS (artigo 10.1.c) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).

II.- DATOS PERSOAIS.

NOME	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:
NACIONALIDADE:	DATA DE NACEMENTO:	
DNI:	TELÉFONO MÓBIL: Correo electrónico:	
DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:	MUNICIPIO: PROVINCIA:	CÓD. POSTAL:

III.- MANIFESTO que coñezo na súa integridade as Bases da convocatoria para cubrir de forma temporal a praza de traballador/a social interino/a por programas convocada polo concello de O Saviñao.

IV.- DECLARO que acepto as bases e que son certos os datos consignados na presente instancia de solicitude, e que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

V.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións úblicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás CCAA ou ás Entidades Locais, nin estou inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas.

VI.- AUTORIZO ao Concello do O Saviñao para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello ou en calquera outro

medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

VII.- ME COMPROMETO a achegar a certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais previsto na Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e a adolescencia, que modifica a Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección do Menor, e a Lei 45/2015, de Voluntariado, no caso de resultar seleccionado/a.

VIII.- SOLICITO ser admitida/o a participar no referido proceso selectivo para o que presento e asino a presente solicitude.

O Saviñao, ... de.....de 2022

Asdo.

DOCUMENTACIÓN que achega coa presente solicitude (enumerar):

-
-
-
-
-

ANEXO II**TEMARIO****Materias xerais:**

1. A Constitución Española de 1978.
2. O Municipio, organización e competencias. Órganos de goberno e administración do municipio.
3. O procedemento administrativo (Lei 39/2015. de 1 de outubro). Os procedementos especiais: o procedemento sancionador; a responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas.
4. O persoal ao servizo das Entidades Locais. Concepto e clases, Dereitos e deberes. Incompatibilidades.
5. Dereito de información na recollida de datos, consentimento do afectado, datos especialmente protexidos, dereitos da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

Materias específicas:

1. O/A traballador/a social como membro dun equipo interdisciplinar: fundamentos e funcións.
 2. O traballo social: concepto, funcións e niveis de intervención, fundamentos e principios.
 3. Deontoloxía e ética profesional. Os códigos de ética no traballo social.
 4. Recursos técnicos de Traballo social (Técnicas, Instrumentos, soportes documentais e informáticos)
 5. Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
 6. Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
 7. As persoas con discapacidade: Normativa, valoración, recursos.
 8. Muller: CIM, Programas e Axudas as mulleres vítimas da violencia de xénero en Galicia.
 9. Maiores: Recursos e programas.
 10. Dependencia: Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción de autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia. Procedemento para o recoñecemento, catálogo de servizos do SAAD e prestacións.
 11. O servizo de axuda no fogar (SAF): Normativa, coordinación e funcionamento.
 12. Familia, infancia e adolescencia: papel dos servizos sociais de atención primaria. Absentismo escolar.
 13. Inmigración e retorno. Marco normativo. A integración social das persoas inmigrantes e emigrantes retornados.
 14. O Sistema Galego de Servizos Sociais. Principios. Titulares dos dereitos e dos deberes das persoas en relación cos servizos sociais.
 15. Igualdade de mulleres e homes. Normativa da CCAA de Galicia en materia de igualdade.
- O Saviñao, 7 de novembro de 2022.- O Alcalde,. Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 3228

*Anuncio***Expediente 1283/2022**

Procedemento: SELECCION DE 1 ENCARGADO DE OBRAS AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022, VINCULADO AO PROGRAMA B.3 DE FOMENTO DO EMPREGO, PARA A SÚA COBERTURA POR FUNCIONARIO INTERINO POR PROGRAMAS, MEDIANTE CONCURSO OPOSICIÓN.

"BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN, MEDIANTE CONCURSO- OPOSICIÓN, DE 1 ENCARGADO DE OBRAS NO CONCELLO DE O SAVIÑAO MEDIANTE A MODALIDADE DE FUNCIONARIO INTERINO (ART. 10.1.C TREBEP) AO ABEIRO DO PROGRAMA B.3 DE "FOMENTO DO EMPREGO", INTEGRADO NO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022.

• OBXECTO DA CONVOCATORIA

Constitúe o obxecto das presentes bases a convocatoria e a regulación do procedemento de selección mediante o sistema de concurso-oposición de 1 ENCARGADO DE OBRAS, ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022 (Programa B.3 de Fomento do emprego).

Características do posto:

- Escala: Administración Especial.

- Subescala: Servizos especiais, persoal de oficios.
- Grupo profesional: E.
- Nivel: CD 14.
- Réxime Xurídico: Funcionario (Funcionario interino do artigo 10.1.c), "execución de programas de carácter temporal" do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).
- Duración do nomeamento: 11 meses. Unha vez rematado o programa rematará a relación de interinidade que, en todo caso, non excederá do 31 de outubro de 2023.
- Xornada: a tempo completo (100 %).
- O aspirante seleccionado/a percibirá as retribucións básicas correspondentes ao grupo E legalmente establecidas e as retribucións complementarias que se determinen, ascendendo a un importe total de 11.476,19 euros.

As funcións a desempeñar serán:

- Control dos traballos a realizar pola cuadrilla de obras (albalenaría, manexo de maquinaria e ferramentas, fontanería, xardiñería....) informando da marcha e execución dos mesmos.
- Coordinación dos traballos de mantemento e obras realizadas pola cuadrilla municipal e transporte dos mesmos.
- Supervisión das ferramentas e materiais para o traballo da cuadrilla.
- Informar das incidencias ou avarías que se produzan.
- Coordinación das medidas de prevención de riscos laborais.

E todas aquelas que, non especificadas anteriormente, e relacionadas co seu posto de traballo lle encomende o seu superior xerárquico.

Esta colaboración materialízase a través da achega económica por parte da Deputación Provincial de Lugo dos custes salariais e de Seguridade Social do/a traballador/a seleccionado/a.

Todo isto conforme ao disposto no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, e demais normas concordantes de aplicación.

O sistema de selección dos aspirantes será o de concurso-oposición.

A presente convocatoria e as bases, publicaranse no Taboleiro de anuncios do Concello de O Saviñao e na sede electrónica enlace: <https://concellodosavinao.sedelectronica.gal>, así como na páxina web da Deputación Provincial de Lugo e no Boletín oficial da provincia de Lugo; o resto de actos do proceso selectivo que deban ser obxecto de publicidade serán publicados no Taboleiro de anuncios do Concello de O Saviñao e na sede electrónica: (<https://concellodosavinao.sedelectronica.gal>)

• REQUISITOS DE ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Para ser admitidos/as á realización destas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo ao que se opta.
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- f) Estar en posesión de certificado de escolaridade ou titulación equivalente, ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias, que se deberá acreditar mediante documento oficial

expedido polo organismo competente. ou superior. No caso de alegar equivalencias de títulos achegarse o certificado ao efecto da Consellería de Educación ou organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán presentar o documento que acredite fehacientemente a súa homologación.

g) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de CELGA 2 (ou o curso de iniciación, nos termos establecidos na disposición adicional 1ª da Orde de 16 de xullo de 2007). Se non se pode acreditar este requisito poderase acceder igualmente ao proceso selectivo pero será necesario superar unha proba de lingua galega nos termos establecidos nestas Bases.

h) A procedencia de todos os candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa.

i) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B en vigor.

Os requisitos citados deberán reunirse con referencia ó derradeiro día do prazo de presentación de instancias, debendo continuar en posesión dos mesmos durante todo o proceso selectivo.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do Tribunal que algún dos/das aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, logo da audiencia do/da interesado/a, o Tribunal de selección deberá propor ao Alcalde a súa exclusión, indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

• FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As solicitudes para tomar parte nas correspondentes probas de acceso, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de O Saviñao, e presentaranse no Rexistro Xeneral deste Concello (físico ou por sede) ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **CINCO DÍAS HÁBILES** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no **Boletín Oficial da Provincia de Lugo**. Se o último día de prazo coincide con sábado, domingo ou festivo, entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte. As/os aspirantes que non presenten as solicitudes no Rexistro do Concello de O Saviñao ou por sede electrónica, e co fin de axilizar os trámites, deberán remitir -antes da data de expiración do prazo- unha comunicación ao correo electrónico do concello de O Saviñao: savinao@telefonica.net, coa copia da presentación da solicitude co selo de correos ou do rexistro correspondente. Sen este requisito a solicitude non será admitida en ningún caso.

As bases das probas selectivas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Taboleiro de anuncios do Concello de O Saviñao e na súa páxina web <https://www.concellodosaviñao.com>, e na páxina web da Deputación Provincial de Lugo, para garantir a maior difusión posible e para xeral coñecemento.

A solicitude deberá ir acompañada por:

- a) Solicitude de participación (Anexo II das Bases), debidamente asinada.
- b) Copia do DNI ou, no seu caso, NIE ou pasaporte con plena vixencia.
- c) Copia compulsada do título académico esixido (certificado de escolaridade ou titulación equivalente).
- d) Copia do título CELGA 2 (necesaria para a exención da proba de galego).
- e) Xustificante de estar anotado/a na Oficina de Emprego como demandante de emprego ou en mellora de emprego.
- f) Documentación acreditativa dos méritos que se aleguen a efectos de valoración na fase de concurso, incluíndo a **VIDA LABORAL actualizada** e **copia de contratos e/ou certificado de servizos prestados**.

É requisito indispensable presentar a vida laboral para acreditar a situación de desemprego e para acreditar os méritos. A situación de mellora de Emprego acreditarase co xustificante de estar inscrito como demandante de Emprego nos servizos públicos de Emprego.

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala no apartado anterior determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

4. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo de tres días, declarando aprobada a **lista provisional de admitidos e excluídos**, indicando a causa de exclusión, no seu caso. Na devandita resolución, que se publicará no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, sinalarase un prazo improrrogable de **dous días hábiles para emenda**. Dado o carácter urxente da convocatoria, a presentación de reclamacións por calquera outro medio distinto ao de presentación no Rexistro Xeral do Concello de O Saviñao, deberá se comunicada por correo electrónico: savinao@telefonica.net, dentro do prazo de 2 días hábiles sinalado anteriormente.

De non existir solicitudes de participación excluídas, a lista presentada ao remate do prazo de presentación de instancias, terá carácter definitivo.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo de 3 días dende a finalización do prazo para presentación. Transcorrido devandito prazo sen que se ditara resolución algunha, as alegacións entenderanse desestimadas.

Transcorrido o prazo de emenda pola Alcaldía, aprobarase a **lista definitiva de aspirantes** admitidos e excluídos, que se publicará no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello. Nesta mesma resolución sinalarase o lugar e hora de realización das probas de oposición e a composición do Tribunal cualificador.

Todas as comunicacións dirixidas aos aspirantes que ao longo do proceso selectivo se realicen polo órgano de selección serán publicadas no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na na súa páxina web <https://www.concellodosaviñao.com>

Os datos persoais (nome, apelidos, enderezo aos efectos de notificacións) dos candidata/os que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

5. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do RD Lexislativo 2/2015, TREBEP. Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros e 5 suplentes, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Deberán así mesmo pertencer a un Corpo, Escala ou Categoría Profesional na que se requira unha titulación igual a esixida para participar neste proceso selectivo. A pertenza aos Tribunais será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación nin por conta de ninguén. O Tribunal poderá acordar nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer sempre a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, con voz e sen voto.

O órgano de selección confórmase coa estrutura seguinte:

— Presidente/a: empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso a praza convocada.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, aseguralo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

— Secretario/a: o da Corporación ou membro da mesma en que delegue.

— Vogais que determine a convocatoria (3): tres empregados/as públicos con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ó posto convocado.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia da/o presidenta/o e da/o secretaria/o ou dos que legalmente os substitúan. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos seus resultados.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6. SISTEMA DE SELECCION E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

O procedemento de selección dos aspirantes será o **concurso- oposición**.

- FASE DE OPOSICIÓN

Máximo: **10 puntos**.

a) Exercicio práctico: A proba é de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistirá en resolver por escrito un ou varios supostos teóricos-prácticos ou realizar as tarefas, que propondrá o órgano de selección, relacionadas coas materias obxecto do temario específico, no prazo establecido polo dito órgano de selección en función da natureza da proba.

A cualificación do exercicio será de cero (0) a dez (10) puntos; queda eliminado/a o/a aspirante que non obteña un mínimo de cinco (5) puntos.

b) Proba de galego: para aqueles candidatos que non teñan acreditado, xunto coa instancia de solicitude, estar en posesión do Celga 2.

A dita proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase con **apto ou non apto**, realizándose a continuación do exercicio teórico-práctico sinalado no punto a) anterior.

Consistirá en realizar por escrito, sen dicionario, unha tradución proposta polo Tribunal de dez palabras de castelán ao galego, nun tempo máximo de 10 minutos. Para acadar a cualificación de APTO precísase obter un resultado de 5 respostas correctas.

O aspirante que non supere esta proba quedará eliminado do proceso de selección

- CONCURSO DE MÉRITOS:

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso aos/ás aspirantes que superasen a fase de oposición. Puntuación máxima nesta fase: **4 puntos**.

Só aos aspirantes que superen a oposición valoraráselles na fase de concurso os méritos que aleguen e xustifiquen documentalmente. A puntuación máxima total do concurso será o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites que se sinalan para cada un deles, e que serán:

Méritos computables:

1. Experiencia profesional: máximo 3 puntos.

— Por cada mes completo de servizos prestados nunha Administración Pública no posto de encargado/a de obras mediante relación laboral ou funcionarial: 0,20 puntos.

— Por cada mes completo de servizos prestados en empresas privadas no posto de encargado/a de obras mediante relación laboral: 0,10 puntos .

No se terán en conta á hora de efectuar a valoración os períodos inferiores ao mes de servizo.

Os méritos alegados acreditaranse mediante informe de VIDA LABORAL ao que se lle deberán xuntar os oportunos contratos ou certificación expedida pola Administración onde se prestaron os servizos. Na dita documentación deberá quedar acreditado a equivalencia entre os postos desempeñados cos da presente convocatoria.

2. Formación: máximo 1 punto.

Cursos de formación sobre materias directamente relacionadas co posto de traballo, impartidos por Administracións Públicas, Organismos Oficiais dependentes de calquera das administracións públicas ou homologados por estas. Ata un máximo de 1 punto, de acordo coa seguinte escala :

a) Por cada curso de ata 30 horas : 0,20 puntos .

b) Por cada curso de ata 31 a 100 horas lectivas : 0,30 puntos .

c) Por cada curso de 101 a 200 horas lectivas : 0,50 puntos .

d) Por cada curso de máis de 200 horas lectivas : 0,75 puntos .

Os méritos alegados neste apartado acreditaranse mediante a presentación do orixinal ou copia compulsada do título ou certificado de realización de cada curso, no que deberá constar expresamente o número de horas do curso e un resumo das materias impartidas.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración nin os cursos que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións do posto.

7. CUALIFICACIÓN, PROPOSTA E NOMEAMENTO

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas diferentes probas do concurso-oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes que superaron o proceso selectivo.

Para o caso de empate na puntuación final establécense os seguintes criterios de desempate:

1º.- Aspirante cunha maior puntuación na fase de concurso.

2º.- De persistir o empate terá preferencia o/a aspirante cunha maior puntuación na proba teórico-práctica.

3º.- Finalmente, se continúa o empate, resolverase por sorteo público.

A continuación, unha vez terminada a cualificación, o Tribunal fará pública a relación de aspirantes por orde de puntuación na sede electrónica deste Concello e no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión, precisándose que o número de propostos non poderá exceder do número de prazas convocadas.

A relación elevarase á Alcaldía coa correspondente proposta de nomeamento, que incluíra o aspirante proposto para ser nomeado/a funcionario/a interino/a por programas e os/as propostos/as para integrar unha LISTA DE AGARDA, que estará constituída por aqueles aspirantes -por orde de puntuación- que tendo superado a puntuación mínima non obtivesen praza. A devandita lista de reserva servirá para cubrir as baixas ou renuncias que se produzan durante o período de duración do “ Programa Fomento do Emprego 2022”.

O aspirante proposto acreditará ante o concello de O Saviñao, dentro do prazo de 3 días hábiles seguintes, contados desde a publicación da relación de aprobados na sede electrónica e no Taboleiro de Anuncios do concello, que reúne as condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria, aportando a seguinte documentación:

- Copia auténtica ou fotocopia compulsada do DNI ou NIE no caso de estranxeiros.
- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- Declaración responsable de non ter sido separados do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- Certificado de titularidade da conta bancaria para o ingreso da nómina.

Comprobada a documentación, o Concello do Saviñao procederá ao nomeamento como funcionario/a interino/a por programas ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022 (Programa B.3 de Fomento do emprego) do/a candidato/a que obtivera a maior puntuación, previa presentación da documentación detallada no punto anterior, acreditativa dos requisitos establecidos nestas bases.

A adquisición da condición de persoal funcionario interino esixe, unha vez seleccionado nos termos previstos no apartado primeiro do artigo 24, é dicir, a través de procedementos áxiles que respectarán, en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e libre concorrència, ademais do correspondente nomeamento, o cumprimento sucesivo dos requisitos establecidos no artigo 60 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, que recolle o requisito de realizar un acto de acatamento á Constitución, ao Estatuto de Autonomía de Galicia e ao resto do ordenamento xurídico, así como de compromiso de exercer con imparcialidade as súas funcións, así como a correspondente toma de posesión, que se realizará. neste caso, no prazo de 3 días hábiles.

8. CESAMENTO DA INTERINIDADE

O cesamento do persoal funcionario interino, en virtude do disposto no artigo 24.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, producirase ademais de polas causas que determinan a perda da condición de persoal funcionario de carreira, cando conorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Finalización da causa que deu lugar ao seu nomeamento.
- b) Amortización do posto que ocupe.
- c) Adscrición provisional ao posto de persoal funcionario de carreira ou provisión definitiva do posto por persoal funcionario de carreira.
- d) **Transcurso do prazo máximo de duración do nomeamento.**
- e) Incumprimento sobrevivendo dos requisitos esixidos para o desempeño do posto.
- f) Reincorporación da persoa titular do posto, no suposto de substitución transitoria desta.

9. CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As presentes bases vinculan á Administración Local convocante, ó Tribunal Cualificador e os/as aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

10. INCIDENCIAS

Os Tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

11. RÉXIME XURÍDICO

A realización das probas selectivas axustarase ao establecido nas presentes bases, así como ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen las regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia; o Real Decreto 364/1995, de 10 de

marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado, e demais disposicións que resulten de aplicación.

12. RECURSOS

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polo interesado/a, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Alcalde que as aprobou, no prazo dun mes, ou ben interpoñer, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, no prazo de dous meses, en ambos casos contados dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da provincia de Lugo. (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa).

13. BASE XURÍDICA DO TRATAMENTO

Conforme o disposto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e no Regulamento Europeo de Protección de Datos os seus datos persoais serán tratados polo Concello de O Saviñao coa finalidade de xestionar as súas solicitudes á efectos de poder ter en conta a súa candidatura nos procesos de selección de persoal que se desenvolvan polo Concello de O Saviñao.

Igualmente se lle informa de que poderá exercer os seus dereitos de Acceso, Rectificación, Supresión e demais dereitos recollidos na normativa de protección de datos vixente.

O Saviñao, 7 novembro de 2022. O Alcalde. Juan Carlos Armesto Quiroga.

ANEXO I

TEMARIO

Parte xeral

Tema 1. Constitución Española de 1978. Principios xerais. Dereitos e Liberdades fundamentais.

Tema 2. O municipio, o termo municipal, a poboación municipal, as competencias municipais.

Tema 3. Concello de O Saviñao. Termo municipal. Poboación. Datos de interese do municipio. Distribución xeográfica e parroquial.

Tema 4. Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. Faltas e sancións. O procedemento disciplinario.

Parte específica

Tema 1. Ferramentas máis utilizadas polas brigadas de obras, albanaría, electricidade, carpintería e fontanería. Características e aplicacións.

Tema 2. Maquinaria utilizada polas brigadas de obras. Características e aplicacións da formigoneira, compresor, martelo, dumper e compactadora.

Tema 3. Operacións básicas en traballos de albanaría, electricidade, carpintería e fontanería.

Tema 4. Conservación e mantemento de parques e xardíns: ferramentas utilizadas, podas e fertilización.

Tema 5. Os materiais da construción. Clases e aplicación.

Tema 6. Seguridade e saúde laboral: riscos, proteccións persoais e colectivas de carácter común aos diversos oficios.

ANEXO II

MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE UN (1) POSTO DE TRABALLO DE ENCARGADO DE OBRAS, COMO FUNCIONARIO INTERINO, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, NO CONCELLO DE O SAVIÑO AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022 DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO. "PROGRAMA B.3 DE FOMENTO DO EMPREGO".

I.- DATOS DA PRAZA Á QUE ME PRESENTO:

- DENOMINACIÓN: ENCARGADO DE OBRAS
- RÉXIME XURÍDICO: FUNCIONARIO INTERINO POR PROGRAMAS (artigo 10.1.c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).

II.- DATOS PERSOAIS.

NOME	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:
NACIONALIDADE;	DATA DE NACEMENTO:	
DNI:	TELÉFONO MÓBIL: Correo electrónico:	
DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:	MUNICIPIO: PROVINCIA:	CÓD. POSTAL:

III.- MANIFESTO que coñezo na súa integridade as Bases da convocatoria para cubrir de forma temporal a praza de encargado de obras.

IV.- DECLARO que acepto as bases e que son certos os datos consignados na presente instancia de solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

V.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás CCAA ou ás Entidades Locais, nin estou inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas.

VI.- AUTORIZO ao Concello do O Saviño para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello ou en calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

VII.- SOLICITO ser admitida/o a participar no referido proceso selectivo de concurso-oposición para a provisión de dito posto, para o que presento e asino a presente solicitude.

O Saviñao, de..... de 2022.

(Sinatura do interesado/a)

Xúntanse os seguintes documentos (enumerar):

- 1.....
- 2.....
- 3.....
- 4.....
- 5.....
- 6.....
- 7.....

O Saviñao, 7 novembro de 2022.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 3229

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) BURELA

Anuncio

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA A PROMOCION DE ACTIVIDADES SOCIAIS DESENVOLVIDAS POR ASOCIACIONES SOCIAIS DO CONCELLO DE BURELA NO EXERCICIO 2022

BDNS (Identif.): 657134

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/657134>)

Primeiro. Beneficiarios:

Asociacións sociais existentes no Concello de Burela, legalmente constituídas, e que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, sempre e cando contén con domicilio social e sede territorial no Concello de Burela, ou ben contén polo menos cun centro de traballo operativo no Concello de Burela e contén cos datos da inscrición debidamente actualizados ao momento de solicitar a achega.

Segundo. Obxecto:

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencions, durante o exercicio 2022, destinadas a promover actividades das asociacións sociais e asistenciais do Concello de Burela, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade.

Terceiro. Bases reguladoras:

A bases reguladoras publícanse na sede electrónica do Concello de Burela e na BDNS.

Cuarto. Contía:

15.000,00 €

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días naturais dende a publicación do anuncio destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

Burela, 4 de novembro de 2022.- O alcalde, Alfredo Llano García.

R. 3213

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/20437

Asunto: Solicitud de concesión de aproveitamiento de augas

Peticionario: Finca Agruñeiras, S.C.

Nombre de la captación: 6 pozos

Caudal solicitado: 1,46 l/s

Punto de emplazamiento: San Martiño de Condes (San Martiño)

Término Municipal y Provincia: Friol (Lugo)

Destino: Usos domésticos y ganaderos

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realiza mediante 6 pozos de barrena en los que se colocan unas bombas que aspiran e impulsan las aguas a través de varias tuberías enterradas en una misma zanja, hasta 4 cubas. Desde éstas son conducidas a un colector desde el cual son distribuidas a la vivienda, naves y oficina.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Friol, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 4 de noviembre de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 3209

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

Expediente: A/27/17615

Asunto: Modificación de características de la concesión

Peticionario: Avícola Casás, S.C.

Nombre de la captación: 2 Pozos

Caudal solicitado: 0,641 l/s

Punto de emplazamiento: As Covas, parroquia de Gobierno (San Martiño)

Término Municipal y Provincia: Castro de Rei (Lugo)

Destino: Usos avícolas

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La modificación de características consiste en la ampliación de caudal de 0,42 l/s a 0,641 l/s.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Castro de Rei, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 4 de noviembre de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 3210

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

Expediente: A/27/34074

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: Manuel Freán Rodríguez

Nombre del río o corriente: Rio Cabe

Caudal solicitado: 1,39 l/s

Punto de emplazamiento: Santalla de Rei (Santalla)

Término Municipal y Provincia: A Pobra de Brollon (Lugo)

Destino: Riego

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realiza en el río Cabe mediante una bomba y desde la cual y mediante una tubería, se regará el invernadero ubicado en la parcela 366 del polígono 7.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de A Pobra de Brollon, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 4 de noviembre de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 3211